



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Golfo Ártabro Norte



C.I.F. G-70.454.657

Rúa Curro, nº33 – 15630 Miño (A Coruña)
Tlfno. 981 784 417 / 636 736 788
mail: galp.mar.golfoartabronorte@xunta.gal

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA XUNTA DIRECTIVA

Dña. Teresa María Oujo Reino, maior de idade, con DNI número 32.815.913-L, como secretaria da asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) Ártabro Norte, con NIF número G-70.454.657, e domicilio social na Casa do pescador de Miño, rúa do Curro nº 33, código postal 15630, Miño, provincia de A Coruña, en virtude das competencias que teño atribuídas en virtude do artigo 22 dos Estatutos da mesma,

CERTIFICO QUE,

Que segundo se recolle na acta da reunión de Xunta Directiva celebrada o día 10 de abril de 2024 na Casa do Pescador do Concello de Miño, no punto 2. “Relación de proxectos presentados convocatoria 2024 e aprobación por parte da Xunta Directiva para ser enviados á Consellería do Mar para resolución definitiva”, os membros da Xunta Directiva (estando presentes ou representados os trece que conforman a Xunta Directiva) acordaron o seguinte en relación á proposta de resolución:

1. A Xunta Directiva do GALP Golfo Ártabro Norte seleccionou provisionalmente os proxectos que considerou prioritarios para a execución da súa Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo, de conformidade cos criterios establecidos nesta, e no estipulado na “Orde de Axudas do 28 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das Estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas para os grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2024.
2. Todos os membros presentes da Xunta Directiva asinaron antes do comezo da reunión, a declaración de ausencia de conflito de intereses, e ausentáronse da mesma, no momento da votación do proxecto, no caso da súa implicación nos mesmos.
3. Nos caso de empate nas puntuacións dos proxectos, o equipo técnico aplicou o punto 11 do artigo 19 “fase de instrución” da Orde de Axudas do 28 de decembro de 2023.
4. Esta proposta de revisión provisional quedaba condicionada á revisión por parte do equipo técnico do GALP Golfo Ártabro Norte da documentación que foi requirida aos solicitantes das axudas.
5. Esta proposta de resolución provisional de Xunta Directiva para proxectos das partidas orzamentarias 770 e 780, así como os desestimados/inadmitidos da Convocatoria 2024, non creaba ningún dereito a favor do solicitante proposto, estando suxeita á dispoñibilidade orzamentaria de crédito para as partidas orzamentarias 770 e 780 para esta convocatoria 2024.
6. Outorgouse un prazo de alegacións de 5 días hábiles dende a data da súa publicación no taboleiro de anuncios do GALP Golfo Ártabro Norte e na páxina web dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro de Galicia, que foi o día 10 de abril de 2024. Rematado o prazo de alegacións o día 17 de abril de 2024, non foi recibida ningunha ao respecto, na sede do GALP Golfo Ártabro Norte.



Cofinanciado por
la Unión Europea



7. Informar que esta proposta de resolución provisional foi publicada na páxina web dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro de Galicia (<https://galp.xunta.gal/>) e no taboleiro de anuncios do GALP Golfo Ártabro Norte.
8. Os membros da Xunta Directiva acordaron que unha vez publicada a resolución provisional -segundo o artigo 20 da Orde de axudas do 28 de decembro de 2024- e abrir un prazo de achegas de 5 días hábiles; no caso de non recibir alegacións ao respecto, quedarían aprobadas definitivamente as propostas de resolución provisional, elevando a público unha proposta de resolución definitiva, sen necesidade de levar a cabo unha nova reunión de Xunta Directiva presencial, ao non existir alegacións nin modificacións de ningún aspecto nos acordos tomados nos diferentes proxectos nesta reunión, e que tiveran que ser novamente debatidos polos membros. No caso de revisións da documentación presentada, e que afecten ao contido na proposta provisional, o equipo técnico informará aos membros da Xunta Directiva dos cambios realizados para a súa conformidade ou non conformidade, a través do correo electrónico, previo á publicación da proposta definitiva.
9. A Xunta directiva elevará a público unha proposta de resolución definitiva de proxectos das partidas orzamentarias 770 e 780, así como de desestimados/inadmitidos das dúas partidas orzamentarias, tendo en conta o anterior, que será trasladada á Consellería do Mar para a súa aprobación definitiva.
10. Esta proposta de resolución DEFINITIVA, xunto cos correspondentes anexos publícase no taboleiro de anuncios do GALP Golfo Ártabro Norte, así como na páxina web dos GALP de Galicia.
11. A proposta de resolución definitiva de Xunta Directiva para proxectos das partidas 770 e 780, así como os desestimados/inadmitidos da Convocatoria 2023, non crea ningún dereito a favor do solicitante proposto, estando suxeita á dispoñibilidade de crédito orzamentario de crédito para as partidas orzamentarias 770 e 780 para esta convocatoria 2023.
12. Rematado o período de alegacións o mércores 17 de abril, recibíronse dúas alegacións ao respecto dos seguintes proxectos:

EXPEDIENTE PE155A-2024-00105 proxecto “E-DAM Narón espazo dinamizador deportivo, ambiental e mariño”

O Concello de Narón presenta escrito de alegacións respecto do proxecto “E-DAM Narón espazo dinamizador deportivo, ambiental e mariño”.

Segundo as alegacións, non se pode considerar o proxecto como centro social, debido ás actividades a realizar, que na súa maioría serán na contorna do río, e ao concibirse como un espazo polivalente.

Examinada a documentación e a redacción do proxecto así como do conxunto das actividades que o Concello ten previsto desenvolver de levarse acabo conclúese que sí é un centro social:

- O proxecto é un centro social, caracterizado por ser unha estrutura física polivalente de titularidade municipal onde se van desenvolver servizos que se ofertan á cidadanía en xeral e a colectivos, tales como entidades deportivas, para realizar actividades no ámbito deportivo, ambiental e mariño baixo un modelo colaborativo.
- Un centro social municipal é un espazo de convivencia social e comunitaria no que se desenvolven proxectos co apoio dos concellos e dirixidos á cidadanía, nos que o concepto de “espazo” non só atingue ao espazo físico, senón á dinámica que producen as actividades que se xeneran en torno a el, polo que, o feito de que as actividades se desenvolvan na súa maioría na contorna do río, pois non podemos esquecer o carácter marítimo-pesqueiro dos fondos FEMPA aos que opta dito proxecto, non impide poder consideralo centro social debido ás características que nesta proposta se exponen.





C.I.F. G-70.454.657

- Considerárase que fomenta o asociacionismo, apoia o traballo das organizacións cidadás e facilita recursos (club piragüismo de Narón).
- Proporciona medios e servizos que melloran a calidade de vida e favorecen a ocupación positiva do ocio e tempo libre da poboación de Narón.
- Ten previsto ser punto de referencia no ámbito da cidade en determinadas temáticas ou tipo de actividades.
- Pretende apoiar ás entidades no uso de locais para a realización das súas actividades.

Determinado o carácter de centro social que presenta o proxecto, cumpre ter en conta o artigo 9.5 das bases reguladoras desta convocatoria, segundo o cal: “no caso de investimentos en centros sociais, así como o seu acondicionamento e equipamento, a contía máxima de axuda por cada proxecto que supoña un investimento en creación, reforma ou ampliación dun local social non poderá exceder os 80.000 euros por proxecto”. Xa que logo, a contía máxima elixible ha de estar limitada á recollida nas bases.

Tendo en conta o anteriormente indicado, aórdase denegar a alegación efectuada baseada na argumentación arriba exposta, por maioría dos membros da Xunta Directiva.

EXPEDIENTE PE155A-2024-00124 proxecto “Avda del Mar 18 Mugardos”

A entidade Bestarruza Proxectos, S.L., presenta escrito de alegacións respecto do proxecto “Avda del Mar 18 Mugardos”, para a convocatoria do 28 de decembro de 2023 de axudas para proxectos ao abeiro das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) aprobadas pola Consellería do Mar aos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro para o desenvolvemento sostible das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura 2021-2027. Segundo as alegacións, ao respecto do cumprimento dos requisitos en materia ambiental para investimentos materiais, tendo en conta o artigo 4.2 apartados g) e j) das bases reguladoras das axudas, presentaron ante o organismo correspondente solicitude de autorización.

Examinada dita solicitude e tendo coñecemento de que o organismo concedente de ditas autorizacións non efectuou a oportuna autorización:

- O proxecto non se pode estimar dado que non conta cos permisos necesarios para ser considerado estimado (cumprimento dos requisitos en materia ambiental para investimentos materiais, artigo 4.2), pois non se pode verificar sen autorización do organismo pertinente, no caso das construcións, que o proxecto é compatible coas normas e directrices dos espazos naturais, a paisaxe e o patrimonio cultural que sexan de aplicación (apartado g), non sendo suficiente coa mera presentación da solicitude, o que sucede tamén no caso de actuacións sobre o dominio público marítimo terrestre, que necesitará dispor da preceptiva autorización ou concesión do organismo competente (apartado j).

Tendo en conta o anteriormente indicado, aórdase denegar a alegación efectuada baseada na argumentación arriba exposta, por maioría dos membros da Xunta Directiva.

13. Xúntase como anexo a esta resolución definitiva de Xunta Directiva:

- o Anexo I. Proposta de resolución definitiva Xunta Directiva PARTIDA ORZAMENTARIA 770
- o Anexo II. Proposta de resolución definitiva Xunta Directiva PARTIDA ORZAMENTARIA 780
- o Anexo III. Proposta de resolución definitiva de Xunta Directiva desestimados/inadmitidos (770 – 780)





Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Golfo Ártabro Norte



C.I.F. G-70.454.657

Rúa Curro, nº33 – 15630 Miño (A Coruña)
Tlfno. 981 784 417 / 636 736 788
mail: galp.mar.golfoartabronorte@xunta.gal

E para que conste, aos efectos oportunos

Miño, 18 de abril de 2024

Visto e prace

José Manuel Fernández Lage
Presidente

Teresa María Oujo Reino
Secretaria



Cofinanciado por
la Unión Europea